

PLAN INDIVIDUALIZADO DE REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS EXTERNAS EN ENSINANZAS SUPERIORES DE DESEÑO

INSTRUCCIÓN PARA A REALIZACIÓN DA MEMORIA

O/a alumno/a entregará na data e forma sinalada polo titor/a da EASD, a Memoria das Prácticas Externas redactada seguindo este guión. A memoria é un documento para acreditar as Prácticas Externas, por iso o/a alumno/a deberá, na medida do posible, incorporar a esta Memoria, e no apartado que corresponda, as testemuñas gráficas que axuden a unha valoración obxectiva e real da actividade desenvolvida e as condicións de realización das Prácticas Externas.

Esta memoria ten que ser revisada polo titor/a da empresa na súa folia de Avaliación, co obxectivo de que poida confirmar o apartado 3, referido ás tarefas e traballos desenvolvidos na empresa.

GUIÓN DA MEMORIA

1. Datos do alumno/a, da empresa ou institución e do centro de ensinanza

A memoria debe recoller os seguintes datos

Alumno/a:		
DNI / Pasaporte:	Tfno.:	Correo electrónico:
Enderezo:		
Centro de traballo:		
Enderezo:		
Tfno.:	CIF:	
Correo electrónico:		
Titor/a no centro de traballo:		
Correo electrónico:	Tfno.:	
Centro de ensinanza: ESCOLA DE ARTE E SUPERIOR DE DESEÑO ...		
Enderezo:		
Correo electrónico:	Tfno.:	CIF:
Especialidade: DESEÑO ...	Código da especialidade:	
Ano académico:	Período de realización das PE:	
Data de inicio das PE: Data final das PE:	Horas totais realizadas nas PE:	
Titor/a na EASD:		
Correo electrónico:	Tfno.:	

- 2. Descrición concreta e detallada da empresa / institución na que desenvolveu as Prácticas Externas:** sector de actividade, sector de poboación á que se dirixe, condicións socio-económicas da contorna, estrutura e organización empresarial/institucional, etc.

- 3. Departamento/s da entidade aos que estivo asignado o/a alumno/a e descrición completa e detallada das tarefas e traballos desenvolvidos, indicando a súa temporalización:** data de inicio e remate de cada tarefa ou traballo diferenciado.

- 4. Valoración das tarefas e traballos desenvolvidos en relación coas competencias adquiridas nos seus estudos e en relación coas competencias propias das Prácticas Externas.**

- 5. Valoración do nivel de integración do alumno/a na estrutura da empresa/institución.**

- 6. Relación dos problemas atopados na realización das Prácticas Externas e procedemento seguido para a súa resolución.**

- 7. Identificación das achegas que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as Prácticas Externas.**

- 8. Avaliación das Prácticas Externas que fai o/a alumno/a, nunha escala de 0 a 10***

	0	1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
<i>Cumprimento do programa de actividades previsto</i>											
<i>Grao de satisfacción coas actividades realizadas</i>											
<i>Grao no que o/a titor/a da empresa/institución asumiu as súas responsabilidades</i>											
<i>Relación co/a titor académico e o xeito en que levou a cabo a súa tutela</i>											
<i>Valoración das tarefas desenvolvidas en relación cos coñecementos e competencias previas adquiridas</i>											

* Para cubrir esta enquisa pódese seguir este formato de táboa ou calquera outro, sempre e cando se manteñan todos os ítems da consulta e na mesma orde.

9. Observacións e suxestións que se consideren oportunas

En.....a.....de.....de 20....

O/A alumno/a:

ADENDA

As Prácticas Externas, disciplina integrada no cuarto curso dos Estudos Superiores de Deseño constitúe unha actividade de natureza formativa que deberá realizar o alumnado dos ditos estudos, e que teñen como obxectivo:

- Aplicar e complementar os coñecementos e competencias acadadas na súa formación académica.
- Permitir acadar competencias que preparen o alumnado para o exercicio de actividades propias da súa especialidade no ámbito profesional.
- Facilitar a empregabilidade do alumnado e fomentar a súa capacidade de autoemprego.

As Prácticas Externas poderán realizarse en empresas ou institucións do sector produtivo correspondente á especialidade cursada polo alumnado e estarán tuteladas, seguidas e cualificadas polo titor/a da EASD/ESD na que curse os seus estudos o alumnado.

Competencias transversais do Título Superior en Deseño.

Ao rematar os seus estudos os/as titulados/as nos Estudos Superiores de Deseño deben posuír as seguintes competencias transversais:

- T. 1. Organizar e planificar o traballo de forma eficiente e motivadora.
- T. 2. Recoller información significativa, analizala, sintetizala e xestionala adecuadamente.
- T. 3. Solucionar problemas e tomar decisións que respondan aos obxectivos do traballo que se realiza.
- T. 4. Utilizar eficientemente as tecnoloxías da información e a comunicación.
- T. 5. Comprender, e utilizar, polo menos, unha lingua estranxeira no ámbito do seu desenvolvemento profesional.
- T. 6. Realizar autocrítica cara o propio desempeño profesional e interpersonal.
- T. 7. Utilizar as habilidades comunicativas e a crítica construtiva no traballo en equipo.
- T. 8. Desenvolver razoada e criticamente ideas e argumentos.
- T. 9. Integrarse adecuadamente en equipos multidisciplinares e en contextos culturais diversos.
- T. 10. Liderar e xestionar grupos de traballo.
- T. 11. Desenvolver na práctica laboral unha ética profesional baseada na apreciación e sensibilidade estética, medioambiental e cara á diversidade.
- T. 12. Adaptarse, en condicións de competitividade aos cambios culturais, sociais e artísticos e aos avances que se producen no ámbito profesional e seleccionar as canles adecuadas de formación continuada.
- T. 13. Buscar a excelencia e a calidade na súa actividade profesional.
- T. 14. Dominar a metodoloxía de investigación na xeración de proxectos, ideas e solucións viables.
- T. 15. Traballar de forma autónoma e valorar a importancia da iniciativa e o espírito emprendedor no exercicio profesional.
- T. 16. Usar os medios e recursos ao seu alcance con responsabilidade cara ao patrimonio cultural e medioambiental.
- T. 17. Contribuír coa súa actividade profesional á sensibilización social da importancia do patrimonio cultural, a súa incidencia nos diferentes ámbitos e a súa capacidade de xerar valores significativos.

Competencias xerais do Título de Superior en Deseño.

Ao rematar os seus estudos os/as titulados/as nos Estudos Superiores de Deseño deben posuír as seguintes competencias xerais:

- X. 1. Concibir, planificar e desenvolver proxectos de deseño de acordo cos requisitos e condicionamentos técnicos, funcionais, estéticos e comunicativos.
- X. 2. Dominar as linguaxes e recursos expresivos da representación e a comunicación.
- X. 3. Establecer relacións entre a linguaxe formal, a linguaxe simbólica e a funcionalidade específica.
- X. 4. Ter unha visión científica sobre a percepción e o comportamento da forma, da materia, do espazo, do movemento e da cor.
- X. 5. Actuar como mediadores entre a tecnoloxía e a arte, as ideas e os fins, a cultura e o comercio.
- X. 6. Promover o coñecemento dos aspectos históricos, éticos, sociais e culturais do deseño.
- X. 7. Organizar, dirixir e/ou coordinar equipos de traballo e saber adaptarse a equipos multidisciplinares.
- X. 8. Propoñer estratexias de investigación e innovación para resolver expectativas centradas en funcións, necesidades e materiais.
- X. 9. Investigar nos aspectos intanxibles e simbólicos que inciden na calidade.
- X. 10. Ser capaces de adaptarse aos cambios e á evolución tecnolóxica industrial.

- X. 11. Comunicar ideas e proxectos aos clientes, argumentar razoadamente, saber avaliar as propostas e canalizar o diálogo.
- X. 12. Afondar na historia e a tradición das artes e o deseño.
- X. 13. Coñecer o contexto económico, social e cultural no que ten lugar o deseño.
- X. 14. Valorar a dimensión do deseño como factor de igualdade e de inclusión social e como transmisor de valores culturais.
- X. 15. Coñecer procesos e materiais e coordinar a propia intervención con outros profesionais, segundo as secuencias e graos de compatibilidade.
- X. 16. Ser capaces de encontrar solucións ambientalmente sostibles.
- X. 17. Propoñer, avaliar e desenvolver estratexias de aprendizaxe adecuadas ao logro de obxectivos persoais e profesionais.
- X. 18. Optimizar a utilización dos recursos necesarios para alcanzar os obxectivos previstos.
- X. 19. Demostrar capacidade crítica e saber formular estratexias de investigación.
- X. 20. Comprender o comportamento dos elementos que interveñen no proceso comunicativo, dominar os recursos tecnolóxicos da comunicación e valorar a súa influencia nos procesos e produtos do deseño.
- X. 21. Dominar a metodoloxía de investigación.
- X. 22. Analizar, avaliar e verificar a viabilidade produtiva dos proxectos, desde criterios de innovación, xestión empresarial e demandas de mercado.

**Competencias específicas do Título Superior en Deseño.
Especialidade¹:**

¹ Cada EASD engadirá a continuación as competencias propias das especialidades que imparte